

## TEMA 13.- DESCOLONIZACIÓN E TERCEIRO MUNDO. OS PAISES NON ALIÑADOS.

**A descolonización supón un proceso de liquidación do sistema colonial a través da independencia dos antigos territorios colonizados**, constituindo un dos fenómenos máis importantes das décadas centrais do século XX (1945-75), no que a transformación política de África, Asia e Oceanía provoca que **os vellos imperios coloniais sexan substituídos por numerosos Estados independentes**.

**O proceso descolonizador implica a aparición de movementos liberadores que esixen o dereito de independencia**, na busca dun papel internacional propio, entrando en crise a dominación europea no resto do mundo.

**Gran Bretaña adoptou unha política flexible**, que lle permitiu manter relacións comerciais preferentes con elas **a través da creación da Commonwealth**, mentres que outras metrópoles como **Bélxica, Francia e Portugal**, máis intolerantes coa liberación das súas colonias, **enfrentáronse en duras guerras contra elas** (Indochina, Alxeria, Angola...).

**Tras alcanzar a independencia, os novos Estados tiveron que enfrontarse a unha dura realidade económica, o neocolonialismo**, ou dependencia económica das antigas metrópoles, a través do intercambio desigual materias primas-manufacturas, co conseguinte endebedamento crónico, **que fixo que estes países foran englobados baixo a denominación de Terceiro Mundo**.

### CAUSAS DA DESCOLONIZACIÓN.

Son múltiples e variadas e dependen das circunstancias de cada país, ou das relacións das antigas colonias coas metrópoles:

- A influencia de Occidente.- Rexeitamento ó colonialismo polas elites locais educadas nas universidades europeas nos valores occidentais, baseados no respecto a liberdade e dignidade da persoa, e na igualdade ante a lei de todos os cidadáns. Estas elites intelectuais serán a base do nacionalismo indíxena, motor da independencia.
- Nacionalismo xenófobo.- O afán independentista non só busca alcanzar os niveis de vida das metrópoles rematando coa explotación das antigas colonias (reformas sociais e económicas), senón tamén o fortalecemento da identidade propia (crenzas, costumes, linguas...).
- Coxuntura internacional.- As dúas guerras mundiais diminuíron o poder político e económico de Europa e supuxeron o fin do mito da superioridade do home branco. Ademais a participación dos cidadáns das colonias como soldados que axudaron as súas metrópoles ou sufrindo nos seus territorios as fronteiras de guerra, estimulou a súa conciencia independentista facilitada polo desgaste militar das potencias europeas.
- O papel das novas superpotencias.- EEUU e a URSS apoian desde un principio o proceso descolonizador, ben por ideoloxía (14 puntos de Wilson, rexeitamento da III Internacional bolxevique ó colonialismo), ou ben por interese propio (ter maior influencia no mundo fronte as antigas potencias europeas).
- O apoio da ONU e doutras institucións.- A declaración dos dereitos humanos, e a defensa da integridade e a soberanía das nacións, recoñecida pola ONU, supoñía unha continuidade coa política da antiga Sociedade de Nacións. Ademais a Igrexa,

representada polo Vaticano, ou diferentes líderes políticos como Gandhi, ou Lenin condenaron a colonización (esclavitude duns homes por outros).

### **O MARCO CRONOLÓXICO E XEOGRÁFICO DA DESCOLONIZACIÓN.**

Podemos distinguir claramente varias etapas no proceso descolonizador:

- a) Ata 1914, na que Gran Bretaña concedeu desde finais do s.XIX un réxime de autogoberno as súas colonias de poboamento (Canadá, Australia, Sudáfrica).
- b) Período de entreguerras, coa creación da British Commonwealth of Nations (1926), coas anteriores colonias que agora xa son países independentes. E a época na que desaparece o Imperio turco, aparecendo numerosos estados na zona do Próximo Oriente (Irak, Exipto, Siria, Libano).
- c) 1940-60, período da independencia de case todos os territorios coloniais de Asia oriental e meridional ( India, Paquistán, Ceilán, Birmania, Indonesia, Vietnam), Oriente Próximo (Israel, Xordania) e norte de Africa (Libia, Marrocos, Tunicia, Arxelia, Sudán), onde Destacaron os procesos violentos en Indochina, Indonesia ou Alxeria onde holandeses e franceses recorreron a guerra para evitar a perda das súas colonias. Na India a vía da non violencia, a desobediencia civil e a resistencia pasiva de Gandhi conseguiu os seus obxectivos fronte os británicos, pero a costa da división do país entre hindúes e musulmáns (Pakistán).
- d) 1960-75, período da independencia da Africa subsahariana, destacando o ano 1960 no que se independizan 18 países, desaparecendo os vellos imperios británico, belga, francés e portugués, con guerras no Congo, Angola, Nixeria ou Kenia.

### **A REALIDADE POLÍTICA DO TERCEIRO MUNDO.**

**A denominación de Terceiro Mundo foi acuñada polo demógrafo francés Alfred Sauvy a mediados do século XX, para referirse a aqueles países que se mantíñan neutrais no conflito entre os dous bloques (non aliñados), identificandoos co Terceiro Estado da Revolución francesa.**

**Este grupo está formado pola maioría dos países africanos, asiáticos e latinoamericanos, en situación de escaso desenvolvemento, pobreza ou miseria, que sufren “o saqueo ou a esmola das nación industrializadas”.**

**Hai varios grupos dentro dos países do chamado Terceiro Mundo, desde as nacións opulentas produtoras de petróleo, con grandes ingresos per capita (países do Golfo Pérsico), pasando polos países emerxentes, de enormes recursos naturais (Brasil, Malasia, China), ou de recente industrialización (os “dragóns” asiáticos como Corea, Singapur, Hong-Kong, ou Taiwan), ata as nacións máis miserables (Africa subsahariana, países do subcontinente indio e Centroamérica).**

**CARACTERÍSTICAS DOS PAISES DESCOLONIZADOS (estudiar polo libro páxinas 385-388).**

**OS PAISES NON ALIÑADOS: A CONFERENCIA DE BANDUNG.**

Desde mediados do s.XX, o recoñecemento internacional dos países do Terceiro mundo prodúcese grazas a **toma de conciencia destes países, que comezan a organizarse en asociacións e a celebrar conferencias onde reivindican os seus dereitos.**

**As propostas iniciais buscan a solidariedade e cooperación común, e a definición dunha posición no contexto internacional baseada na neutralidade e o non aliñamento cos bloques ideolóxicos que dividían o mundo nese intre.**

A Conferencia de Bandung.- En 1955 celebrouse en Bandung (Indonesia), **unha importante Conferencia afroasiática, na que participaron 29 países recentemente descolonizados, que desexaban ter un papel máis importante no contexto internacional.** Os dirixentes presentes en Bandung, representaban a metade da poboación no mundo, destacando líderes independentistas como Nehru (India), Nasser (Exipto), Sukarno (Indonesia), Tito (Iugoslavia), ou Chu en Lai (China).

**Dentro dun contexto marcado pola guerra fría** (bloqueo de Berlín, canal de Suez, guerra de Corea), **elabórouse unha declaración de 10 principios que constituíu o ideario doutrinal do movemento**, destacando os seguintes puntos:

- Respeto mutuo a soberanía e integridade territorial das nacións.
- Non intervención nos asuntos internos doutros países.
- Solución dos conflitos por medios pacíficos.
- Colaboración nos campos cultural e económico.
- Respeto ós dereitos humanos (Carta da ONU).
- Dereito a autodeterminación e política de neutralidade dos países (anticolonialismo e non aliñamento coas grandes potencias).

**Despois de Bandung celebráronse outras Conferencias na mesma liña política e económica antimperialista**, ampliándose a organización coa entrada de países latinoamericanos: Belgrado (1961), O Cairo (1964), Lusaka (1970), Colombo (1970), Arxel (1973), e a Habana (1979).

**Nos anos setenta o movemento entrou en declive polos enfrontamentos internos entre os líderes dalgúns países** (o aliñamento de Cuba ou Vietnam coa URSS), quedando como símbolo da condena do racismo e do imperialismo norteamericano. **O fin da guerra fría e da bipolarización deixou ó movemento baleiro de contidos, ó desaparecer a política de bloques; comezando unha nova orientación baseada nas organizacións rexionais**, como a Liga Árabe, ou a Organización para a Unidade Africana (OUA).

Nos anos 60 xurdiron tamén as **Conferencias entre países ricos e pobres** (diálogo Norte-Sur), **as veces auspiciadas pola ONU, a través da UNCTAD** (Conferencia das Nacións Unidas para o Comercio e o Desenvolvemento), para reducir a pobreza e intensificar a axuda ós países do Terceiro Mundo, non entanto, os intereses económicos das grandes potencias mundiais impiden lograr polo momento eses obxectivos.

